

CURSO
2022
2023

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



CEIP AGRO DO MUÍÑO
AMES- A CORUÑA



1.-	CONTEXTO: DATOS XERAIS DO CENTRO	3
2.-	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO	5
3.-	MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN	6
3.1.-	Organización pedagóxica.....	6
3.2.-	Equipos docentes.....	6
3.2.1.-	PLAN DE ACTUACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL	7
3.2.2.-	PLAN DE ACTUACIÓN DO 1º CICLO	10
3.2.3.-	PLAN DE ACTUACIÓN DO 2º CICLO	12
3.2.4.-	PLAN DE ACTUACIÓN DO 3º CICLO	14
3.3.-	Equipos de traballo	16
3.3.1.-	Equipo de Biblioteca e Animación á Lectura	16
3.3.2.-	Equipo de Dinamización da Lingua Galega	27
3.3.3.-	Equipo de Actividades complementarias e extraescolares	30
3.3.4.-	Equipo de dinamización T.I.C.	33
4.-	RECURSOS PREVISTOS	35
4.1.-	Equipamento.....	35
4.2.-	Persoal Docente/ Non docente.....	35
5.-	CONCRECIÓN ANUAL DO PEC.	36
6.-	PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS	36
6.1.-	Claustro de Profesores	36
6.2.-	Consello Escolar	37
6.3.-	Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	38
6.4.-	Departamento de Orientación	39
7.-	PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA	39
8.-	PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO	43
8.1.-	Proxecto de Dirección	43
8.2.-	Obxectivos do Equipo Directivo.....	43
9.-	XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	44
10.-	GARDAS DE CLASE E VIXILANCIA DE RECREOS	45
10.1.-	Gardas de clase.....	45
10.2.-	Gardas de recreo (Orde 22 xullo 1997, e Orde do 23 de xuño do 2011)	45
11.-	CALENDARIO DE REUNIÓNS	45
12.-	PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA	47
12.1.-	Proxecto E-dixgal.....	47
12.2.-	Programa de estimulación na linguaxe oral e prevención de dificultades na educación infantil (PELO).....	48
12.3.-	Plan de mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)	49
12.4.-	Suministro de Froitas Frescas (pendente).....	¡Error! Marcador no definido.
12.5.-	Plan director (Instrucción 7/2013 da secretaría do Estado de seguridade)	49
12.6.-	Plan de Seccións Bilingües	49
12.7.-	Contratos programa	50
12.7.1.-	Programa RECUPÉRATE (PROA +)	50
12.7.2.-	Programa CONVIVE-T	50
12.7.3.-	EQUIPO DE MEDIACIÓN	50
13.-	LIBROS DE TEXTO E MATERIAIS CURRICULARES	50
14.-	CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES	50
15.-	CURSOS DE FORMACIÓN	51
16.-	PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	52
16.1.-	Actividades organizadas pola ANPA	52
16.1.-	Actividades organizadas polo CONCELLO	52

16.2.- Quendas de gardas de biblioteca e representación do centro	53
17.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	53
18.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	53
19.- PLAN DE ORGANIZACIÓN PERSOAL AUXILIAR E PERSOAL NON DOCENTE...55	55
20.- PLAN DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA	56
21.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	58
21.1.- Comedor escolar.....	58
21.2.- Transporte escolar	58



1.- CONTEXTO: DATOS XERAIS DO CENTRO

DATOS DO CENTRO

Código da localidade	15228
Código do Centro	15032625
Nº C.I.F.	S-1500080E
Teléfonos Centro	881866010 - 609367359
Comedor escolar	686527458
Fax Centro	881866016

Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/
E-mail	ceip.agromuino@edu.xunta.es
Aula virtual	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/aulavirtual2/

BLOGOTECA

INGLÉS	http://agrocorner.blogspot.com/
BIBLIOTECA ESCOLAR	http://www.agrobiblio.blogspot.com/
E.D.L.G.	http://agromuinoendl.blogspot.com/
DINAMIZACIÓN TIC	http://www.agromuino.blogspot.com/

UNIDADES	CREADAS	FUNCIONANDO ¹
Unidades de Educación Infantil	6	6
Unidades de Educación Primaria	12	18
Unidades de Educación Física	2	2
Unidades de Educación Musical	1	1
Unidades de F. I.	2	3
Unidades de Pedagogía Terapéutica	1	2
Unidades de Audición e Linguaxe	1	2
Unidades de Educación Relixiosa	1	1
Departamento de Orientación	1	1

¹ Existe un proxecto para converter o centro en liña 3. Están construídas 3 novas aulas e funcionando dende o 1 de setembro de 2017. Pendente de ampliación en 6 unidades máis. Segundo últimas noticias para o curso 23-24.



ALUMNADO POR NIVEIS E GRUPOS (CURSO 2022-2023)

Grupos	Educación infantil			Educación primaria					
	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	25	22	24	21	18	15	18	24	18
B	25	22	25	20	17	23	16	25	19
C				20	18	22	17	24	19
TOTAL	50	44	49	61	53	60	51	73	56
TOTAL CENTRO.....							497		

PROFESORADO. ADSCRICIÓN

Relación de profesorado destinado neste centro para o curso 2022-2023 e adscripción correspondente:

Ed. Infantil 3 Anos A	Moure Beiroa , Mercedes
Ed. Infantil 3 Anos B	Bolaño Veiras, Ana María
Ed. Infantil 4 Anos A	Pampín Calvo, María
Ed. Infantil 4 Anos B	Rodríguez González, Yessica (subst. Fdez Busto, Luisa)
Ed. Infantil 5 Anos A	Mirás Jorge, Ana Isabel
Ed. Infantil 5 Anos B	Fariñas Pérez, Ana M ^a
Ed. Infantil Apoio	Barrio Cabado, Susana (subst.Castiñeiras Silva, Paula)
Ed. Infantil Apoio	Cobas Valiña, Carmen
Ed. Primaria 1º A	Iglesias Mouro, Manuel Andrés
Ed. Primaria 1º B	Lorenzo Arceo, Aida
Ed. Primaria 1º C	Lijó Villanustre, Lorena
Ed. Primaria 2º A	Pérez Castro, Diego
Ed. Primaria 2º B	González Marquina, M ^a Dolores
Ed. Primaria 2º C	Castro López, María Begoña
Ed. Primaria 3º A	Fonseca Lorenzo, Nadia
Ed. Primaria 3º B	Agrafojo Padín, Natalia
Ed. Primaria 3º C	Gómez Macho, Sara
Ed. Primaria 4º A	Lema Carballo, M ^a Dolores
Ed. Primaria 4º B	Palacios García, M ^a Carmen
Ed. Primaria 4º C	Lorenzo Bello, Ana M ^a Agrafojo Padín, Natalia
Ed. Primaria 5º A	Raposo Díaz, Brais
Ed. Primaria 5º B	Rodríguez Beiro, Ana María
Ed. Primaria 5º C	Rodríguez Jácome, Luisa
Ed. Primaria 6º A	Ares Ois, Inés /Liñares Liñares, M ^a Carmen
Ed. Primaria 6º B	Mosquera Liñares, Martín Antonio
Ed. Primaria 6º C	García Rajo, Adrián
Filoloxía Inglesa	Carracedo Durán, M ^a Dolores



Filoloxía Inglesa	Sir Balsa, Carina Jacqueline
Filoloxía Inglesa (Itin.)	Antelo Pais, Sandra
Filolox. Ing(sec. biling)	Pérez Castro, Diego
Ed. Física	Miguéns Otero, M ^a Alicia
Ed. Física	Ares Ois, Inés
Ed. Musical	Rozados Montoya, María Isabel
Relixión Católica	Refojo González, Asunción (subst. de Rosario Rodríguez)
Pedagogía Terap.	González Carracedo, M ^a Elena
Pedagogía Terap.	Lafuente Grille, María
Audición e Ling.	González Espiñeira, Yolanda
Audición e Ling. (Itin.)	Díaz Vidaurre, Catuxa
Orientadora Escolar	Castro Iglesias, María Begoña

Outro profesorado que participa nas tarefas docentes a tempo parcial.

Barcala Iglesias, M ^a José	PROA +
Valuja González, Vanesa	Relixión Evanxélica
Smith, Sinead Rosa	Auxiliar de conversa (seccións bilingües) Nativa estadounidense que se incorpora ao centro o 1-10-22. Remata o 31 de maio de 2023.

2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO

- 1 Potenciar un bo clima de traballo e de convivencia no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente).
- 2 Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
- 3 Mellorar o rendemento nas Competencias de Comunicación lingüística e de matemática, ciencia e tecnoloxía.
- 4 Poñer en marcha o Plan dixital elaborado no curso 21-22.
- 5 Favorecer o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e do Plan de Convivencia.
- 6 Atender á diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- 7 Potenciar o uso da lingua galega tanto na áreas lingüísticas como non lingüísticas e en diferentes momentos e espazos.
- 8 Reforzar as aprendizaxes imprescindibles da área de matemáticas establecendo como materia de Libre configuración “Afondamento da área de matemáticas” en 4º de Primaria.
- 9 Potenciar o idioma estranxeiro (inglés) continuando coas seccións bilingües no 1º nivel de Primaria e a Libre Configuración en 6º de Primaria.
- 10 Desenvolver os Proxectos Documentais e outros Programas Integrados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (Plambe, Edixgal, Voz Natura, Contratos-programa, reparto de froitas frescas)



- 11 Promover a Innovación Educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das tics fomentando o uso das novas tecnoloxías: seguir desenvolvendo e ampliando o Proxecto Edixgal, a Aula virtual en todos os niveis, realizar traballos de investigación, lecturas dixitais...
- 12 Integrar o traballo dos distintos equipos para o desenvolvemento do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- 13 Facilitar e potenciar a formación do profesorado.
- 14 Implicar ás nais/pais no proceso educativo dos seus fillos/as
- 15 Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA.
- 16 Mellorar a dotación de material e equipamentos do Centro.
- 17 Promover un patio dinámico, activo e inclusivo.
- 18 Atender ás necesidades do Centro, procurando a mellora das instalacións e do equipamento.
- 19 Establecer canles comunicativos entre a Comunidade Educativa e a Administración (Concello, Consellería)
- 20 Facer a nivel interno o simulacro de evacuación.

3.- MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

3.1.- Organización pedagóxica

Consideramos que na estrutura do Centro ten que ter unha importancia fundamental a coordinación, referida aos diferentes equipos docentes, ós equipos de traballo, ás comisións, ós órganos de goberno e a todos os grupos que compoñen a comunidade educativa.

A organización en equipos docentes facilita a coordinación entre os diferentes grupos ou niveis, facilita a posta en marcha de proxectos e actividades e funciona como canle de comunicación cos órganos de goberno.

A coordinación desde a dirección facilitará que os diferentes equipos formen parte dun todo común a nivel de centro con obxectivos, metodoloxías e actitudes comúns. Así mesmo, os proxectos que se leven a cabo integrarán a toda a comunidade educativa.

Procurarase que o profesorado e os equipos de traballo asuman a responsabilidade correspondente e se impliquen na tarefa propia e á súa vez na tarefa común.

3.2.- Equipos docentes

Educación Infantil

Coordinación	COBAS VALIÑA, CARMEN
	Fariñas Pérez, Ana María
	Mirás Jorge, Ana Isabel
	Moure Beiroa, Mercedes
	Rodríguez González, Yéssica
	Pampín Calvo, María
	Ana M ^a Bolaño Veiras
	Barrio Cabado, Susana
	Antelo Pais, Sandra

Educación Primaria

1º CICLO

Coordinación	PÉREZ CASTRO, DIEGO
	González Marquina, M ^a Dolores



	Castro López, M ^a Begoña
	Iglesias Mouro, Manuel Andrés
	Lorenzo Arceo, Aida
	Lijó Villanustre, Lorena
	Rozados Montoya, M ^a Isabel
	Refojo González, Asunción

2º CICLO

Coordinación	AGRAFOJO PADÍN, NATALIA
	Lema Carballo, M ^a Dolores
	Palacios García, M ^a Carmen
	Lorenzo Bello, Ana M ^a
	Fonseca Lorenzo, Nadia
	Gómez Macho, Sara
	Miguéns Otero, M ^a Alicia
	Sir Balsa, Carina Jacqueline

3º CICLO

Coordinación	GARCÍA RAJO, ADRIÁN
	Ares Ois, Inés
	Raposo Díaz, Brais
	Rodríguez Beiro, Ana M ^a
	Mosquera Liñares, Martín Antonio
	Rodríguez Jácome, Luisa
	Carracedo Durán, M ^a Dolores
	Liñares Liñares, M ^a Carmen

3.2.1.- PLAN DE ACTUACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL

Coordinación	Cobas Valiña, Carmen
	Fariñas Pérez, Ana María
	Mirás Jorge, Ana Isabel
	Rodríguez González Yessica
	Pampín Calvo, María
	Moure Beiroa Mercedes
	Bolaño Veiras, Ana María
	Barrio Cabado Susana
	Antelo Pais Sandra

As reunións de ciclo faranse segundo o calendario de reunións establecido polo Centro (un luns de cada mes, de 17:45 a 18:45 horas), aínda que en casos puntuais, e sempre que a programación xeral do centro así o requira, o ciclo ou nivel poderá reunirse con máis frecuencia se se estima conveniente.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

No segundo ciclo de E. Infantil están escolarizados neste curso 2022-23 un total de 143 alumnos/as. Ademais da diversidade lóxica de cada grupo, no ciclo hai varios casos de alumnos/as que presentan NEAE que precisan atención especializada de auxiliar técnico educativo, P.T e/ou A.L e ,varios casos de alerxias ,intolerancias, e ALERTA ESCOLAR.

OBXECTIVOS DO EQUIPO:



Tendo en conta as características do alumnado que chega ao centro (moito alumnado con problemas, que ven diagnosticado do hospital e outro que nós imos detectando, así como procedentes doutras nacionalidades e situacións familiares diversas), neste curso académico 2022 – 2023 continuaremos a traballar nos seguintes aspectos:

- Adecuar os obxectivos do Ciclo ao alumnado que temos nas nosas aulas.
- Seleccionar os contidos para conseguir eses obxectivos.
- Solicitar a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación, na busca de solucións para tratar ao alumnado que presente problemas ou dificultades de aprendizaxe.
- Seguir cos apoios e os reforzos educativos para poder desenvolver axeitadamente o noso labor educativa.
- Intercambiar opinións e experiencias sobre o comportamento e o progreso do noso alumnado.
- Acoller a todas as individualidades.
- Manter unha profunda comunicación, verbal e non verbal, con todo o noso alumnado favorecendo a integración, respectando os ritmos e as formas de ser e de estar.
- Potenciar o desenvolvemento de todas as capacidades cognitivas, intelectuais, emocionais, afectivas e de relación.
- Considerar á familia como una parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se precise a súa colaboración.
- Ofrecer un lugar para “ser”, para “estar” e para “facer”.
- Participar no desenvolvemento do proxecto común de centro ” UNHA FIESTRA ABERTA AO MUNDO ”, a través das distintas actividades que propoña o equipo da biblioteca .
- Participar no proxecto do EDLG “A PEGADA DO GALEGO NO MUNDO” a través das actividades que propoña o EDLG.
- Participar no programa de Voz Natura : “A PEGADA QUE DEIXA O CONSUMO”
- Seguir fomentando o interese pola lectura a través da “ hora de ler “ , da “mochila viaxeira ” e “mascota de aula.”
- Elaborar e transmitir propostas do ciclo a Comisión Pedagóxica.
- Realizar reunións de ciclo e nivel ,segundo o calendario de reunións establecido polo centro e, as que se consideren segundo a necesidades , nas que se comentará todo o referente á actividade escolar (material necesario, medidas de reforzo educativo, actividades complementarias, novas propostas, etc.).
- Realizar reunións de nivel, coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Elaborar as programacións de nivel tal e como se recolle nos artigos 13 e 14 do D.150/22022 polo que se establece a ordenación e o currículo de E.I na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Continuar traballando estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención do alumnado e ,seguir insistindo no cumprimento de normas de aula e de centro.
- Potenciar os plans do centro.



-Coordinar entre etapas. Tal e como se recolle no art.17 do D. 150/2022, “no desenvolvemento curricular reflectirase a necesaria continuidade entre a etapa de E.I e E.P “.Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición positivas de todo o alumnado o que requerirá a estreita coordinación entre o profesorado de ambas etapas. Para tal fin, ao finalizar a E.I ., as titoras emitirán un informe sobre o desenvolvemento e as necesidades de cada alumno/a.

-Loitar polo peche dunha zona cuberta no patio e baños exteriores.

Estes obxectivos tentaremos conseguilos con reunións periódicas ,tanto de ciclo (unha mensual e algunha outra se fose necesario) como nas de nivel onde ademais da programación diaria preparamos as sesións de titoría.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Celebraremos as conmemoracións recollidas no Anexo I da orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar na visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos da contorna. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade traducida en obxectivos, un deseño e unhas actividades que estean inxeridas na programación xerale que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da activade non finaliza coa volta ao centro. Durante o día ou os días seguintes pódense crear situacións de comunicación e intercambio do que se viu e do material recollido, así como animar ascriaturas a que o expresen mediante distintas linguaxes. Todo iso dará lugar a suscitar actividades que provoquen novos interrogantes e reforcen certas adquisicións.

SAÍDAS 6º DE E.INF:

Casa Rosalía,visita a un museo en Santiago e á Cidade da Cultura ao longo do segundo e terceiro trimestre(datas en determinar).

Cinema miúdo: 25 de novembro. Casa de cultura de Bertamiráns.

SAÍDAS 5º DE E.INF :

Duás saídas ,ao longo do 2º e 3º trimestre (datas sen determinar)

SAÍDA 4º E.INF:

Visita á Granxa Escola Bergando no terceiro trimestre (data sen determinar).

LINGUA

Despois de levar a cabo un estudio no centro sobre o uso da lingua e ter feito a avaliación inicial dos grupos observamos que, a súa lingua materna (na maioría dos casos) é o castelán, polo que, para tratar de conseguir que o alumnado adquira de forma oral e escrita as dúas linguas oficiais de Galicia cando remate a súa escolaridade (Decreto 79/2010 sobre o plurilingüismo) empregaremos como lingua de ensino- aprendizaxe o galego, para tratar de compensar esta situación lingüística.

RELACIÓN COAS FAMILIAS:

Tal e como se recolle no art.21 do D.150/2022, co obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais/pais ou titores legais, en E.I cooperaremos estreitamente coa familia. As nais, pais e titores legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos/as



seus/súas fillos/as, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopte o centro para facilitar o seu progreso educativo.

Consideramos moi importante a colaboración entre a familia e a mestra-escola polo que trataremos de implicar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos/as seu/súas fillos/as. Para iso ofrecémoslles distintas vías de colaboración:

- Entrevistas: No comezo da escolarización dos/as nenos/as levaremos a cabo unha entrevista inicial coas familias.
 - 1.- Achegas de Información e fontes de documentación para os distintos proxectos que imos traballar: bibliografía, fotos, revistas, xogos...
 - 2.- Informes de avaliación: boletíns informativos sobre o progreso do alumnado cada trimestre.
 - 3.- Faladoiros no Muíño
 - 4.- Reunións de grupo-clase:
- Co alumnado de de nova incorporación (4º E.I) mantivemos unha primeira reunión no mes de xuño para as familias co obxectivo de presentar as mestras de E.I , acoller ás familias e informar do desenvolvemento do Período de Adaptación. A segunda tivo lugar o 5 de setembro coas súas respectivas titoras.
- Cos de 5º e 6º de E.I a reunión inicial celebrouse o 19 de setembro co obxectivo de expoñerlles ás familias o noso concepto de escola e a nosa forma de traballo.
- Titorías: Os pais e nais terán un horario de titorías a súa disposición (os luns de 16:30h a 17:30h). Poderán solicitar unha titoría ou ben ser chamados pola mestra.

3.2.2.- PLAN DE ACTUACIÓN DO 1º CICLO

Manuel Andrés Iglesias Mouro	1ºA	Equipo de Biblioteca
Aida Lorenzo Arceo	1ºB	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Lorena Lijó Villanustre	1ºC	Equipo de Biblioteca
Diego Pérez Castro	2ºA	Equipo Tics, Seccións Bilingües, Coordinador 1º ciclo.
Mª Dolores González Marquina	2ºB	Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Begoña Castro López	2ºC	Equipo de Actividades Extraescolares
María Isabel Rozados Montoya	Música	Equipo de Biblioteca
Mª Asunción Refojo González	Relixión	Equipo de actividades Extraescolares

As reunións de ciclo faranse segundo o calendario de reunións de ciclo do centro (un luns de cada mes, de 17:30h a 19:30h), aínda que en casos puntuais e sempre que a programación xeral do centro así o requira, o ciclo e o nivel poderán reunirse con máis frecuencia se se estima conveniente.

Neste curso académico 2022–23 continuaremos a traballar nos seguintes aspectos:

- Aplicar a nova lei de educación LOMLOE en 1º de Primaria e continuar coa LOMCE en 2º.
- Adecuar os obxectivos do ciclo e do nivel aos nenos/as que temos nas nosas aulas.
- Seleccionar os contidos máis axeitados para conseguir eses obxectivos.
- Axustar a programación as características e necesidades do alumnado atendendo aos



resultados establecidos da avaliación inicial.

- Adaptar o traballo as diversidades de ritmos, intereses e aprendizaxes do noso alumnado.
- Participar na sección Bilingüe, área de Plástica e colaborar coa Auxiliar de Conversa.
- Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para tratar os nenos e nenas que presenten problemas ou dificultades na súa aprendizaxe.
- Seguir cos apoios e os reforzos educativos para poder desenvolver axeitadamente a nosa labor educativa.
- Intercambiar opinións e experiencias sobre o comportamento e o progreso dos nosos alumnos/as.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares que se traballan no ciclo e buscar novos recursos para tratar os diferentes contidos.
- Participar no desenvolvemento do proxecto común de centro “Unha fiestra aberta ao mundo”, a través das distintas actividades que propoña o Equipo da Biblioteca.
- Participar no proxecto do EDLG “A pegada do galego no mundo”.
- Participar no Proxecto de Voz Natura “ O noso consumo deixa pegadas”.
- Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos distintos equipos de traballo.
- Seguir fomentando o interese pola lectura a través da hora de ler, así como o itinerario lector para o cal contamos este ano cos seguintes libros:

Para primeiro curso: *Non a todas as nenas lles gusta o rosa* e *Superpataca, a orixe de Superpataca* en lingua galega e *Escuela de Monstruos 1, La Mascota más grandota*, en lingua castelá.

Para segundo curso: *Rapunzel con piollos* e *Un elefante no deserto africano* e galego e *Ellas también cuentan* en castelán.

- Elaborar e transmitir propostas do nivel a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Realizar reunións de ciclo e de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Realizar reunións de ciclo e de nivel segundo o calendario de reunións de nivel do centro e as que se consideren oportunas nas que se comentará todo o referente á actividade escolar (material necesario, medidas de reforzo educativo, actividades complementarias, novas propostas, etc.).
- Realizar unha reunión cos pais e nais ao comezo de curso (26 de setembro) e todas as que se consideren oportunas ao longo do mesmo (os luns de 16:30h a 17:30h).
- Continuar traballando estratexias que favorezan o desenvolvemento da atención do alumnado e seguir insistindo no cumprimento de normas de aula e de centro.
- Potenciar o Plan de Convivencia do centro.
- Procurar que o alumnado empregue de xeito apropiado tanto a lingua galega como a castelá e fomentar o uso da lingua galega, tendo en conta que, a maioría do alumnado, emprega como lingua vehicular, a lingua castelá.

A proposta de Actividades Complementarias e Extraescolares que se levarán a cabo serán as propostas polo centro e os distintos equipos de traballo (Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, polo EDLG, polo Equipo de Voz Natura...) tentando tornar á normalidade e desenvolve-las en convivencia co resto do alumnado do centro así



como cas familias no caso de así decidirse. Levaranse a cabo tamén actividades conxuntas co alumnado de todo o nivel.

Ademais realizaremos saídas na contorna próxima para traballar aspectos relacionados co tema do proxecto da biblioteca: “Unha fiestra aberta ao mundo”.

Tamén se realizará calquera outra actividade ou saída que sexa de interese e, en función do nivel, estas poderán ser ampliadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso. Algunha delas, serán traballadas de maneira transversal, nalgunha das áreas.

3.2.3.- PLAN DE ACTUACIÓN DO 2º CICLO

COMPOÑENTES	CURSO
Nadia Fonseca Lorenzo	3º A
Natalia Agrafojo Padín	3º B
Sara Gómez Macho	3º C
María Dolores Lema Carballo	4º A
Mª Carmen Palacios García	4º B
Ana María Lorenzo Bello	4º C
María Alicia Miguéns Otero	Ed. Física
Carina Jacqueline Sir Balsa	Inglés

PROGRAMACIÓN DE NIVEL

Neste curso 2022-23 o 2º Ciclo conta coas seguintes clases:

- 3º nivel: 3º A (15 alumnos), 3ºB (22 alumnos) e 3ºC (23 alumnos)
- 4º nivel: 4º A (18 alumnos), 4ºB (16), 4ºC (17)

TEMPORALIZACIÓN. CALENDARIO DE REUNIÓN

As reunións de ciclo realizaranse segundo o calendario de reunións docentes previsto pola xefatura de estudos para este fin. Xeralmente serán un luns de cada mes de 17:45 a 19:30 horas. Estas reunións poderán sufrir variacións ou modificación se así se considera oportuno segundo a Programación Xeral do Centro.

TEMPORALIZACIÓN. CALENDARIO DE REUNIÓN

Neste curso académico 2022–23 incidiremos nos seguintes aspectos:

- ✓ Elaborar a programación do 3º e do 4º nivel para o curso 2022-23
- ✓ Actualizar o P.A.T adecuando temporalmente as diferentes unidades.
- ✓ Cumplir cos obxectivos curriculares da LOMLOE para 3º de EP e cos obxectivos da LOMCE para 4º de EP.
- ✓ Crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, queden adoptarse dende o inicio do curso escolar 2022-3
- ✓ Adecuar os obxectivos e os contidos curriculares aos nenos e nenas que temos nas nosas aulas.
- ✓ Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación, sempre e cando consideremos necesaria a súa intervención cos nenos e nenas que presenten problemas ou dificultades na súa aprendizaxe.



- ✓ Colaborar nos apoios de reforzo educativo nas aulas.
- ✓ Organización das entradas e saídas, así como, a distribución das zonas derecreo, segundo o Plan de Acollida para o curso 2022-23 e aplicar, de ser o caso, o Plan de continxencia do centro.
- ✓ Diseñar as probas orais e escritas para o alumnado do nivel.
- ✓ Compartir materiais e experiencias.
- ✓ Elaborar e transmitir propostas do ciclo á Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- ✓ Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares e buscar novos recursos para traballar diferentes contidos.
- ✓ Intercambiar opinións e experiencias sobre o comportamento e o progreso dos nosos alumnos/as, co fin de detectar as necesidades que poidan ir xurdindo.
- ✓ Tratar de implicar ás familias para que o proceso ensino-aprendizaxe sexa mellor.
- ✓ Realizar reunións coas familias sempre que o consideremos oportuno.
- ✓ Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula, así como, manter unha liña común en relación á aula virtual.
- ✓ Diseñar e dotar de contido a aula virtual e empregalo co alumnado.
- ✓ Fomentar o uso das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.
- ✓ Impulsar o uso da lingua galega na expresión escrita e oral.
- ✓ Adquirir o material pedagóxico necesario para o nivel.
- ✓ Lograr que o alumnado Adquiera o gusto polo traballo ben feito no contido e na presentación.
- ✓ Acadar un bo clima de traballo dentro da aula e de compromiso coas tarefas que se propoñan.
- ✓ Acadar un ambiente de respecto e valoración cara as opinións e características de cada compañeiro.
- ✓ Mellorar no cumprimento de normas e na atención e escoita activa.
- ✓ Fomentar a acción titorial como medida de desenvolvemento das habilidades socioemocionais.
- ✓ Fomentar actitudes de solidariedade, respecto das diferenzas e protección do medio ambiente .
- ✓ Realizar as actividades de contribución ao Proxecto Lector do centro previstas na programación.
- ✓ Fomentar o interese e gusto pola lectura.
- ✓ Potenciar o Plan de Convivencia do centro.
- ✓ Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos Equipos de Traballo do centro
- ✓ Participar no desenvolvemento do proxecto común de centro “Unha fiestra aberta ao mundo”, a través das distintas actividades que propoña o Equipo da Biblioteca.
- ✓ Participar no proxecto do EDLG “A pegada do galego no mundo”, a través das actividades que este equipo propoña.
- ✓ Participar no programa de actividades que propoña o equipo de Voz Natura.
- ✓ Poner en práctica hábitos e estratexias que permitan tanto a actividade individual como a aprendizaxe cooperativa, colaborando activamente e asumindo responsabilidades no traballo grupal.
- ✓ Valorar a hixiene e a saúde, coñecer e respectar o corpo humano, utilizando a área de Educación Física como medio para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Empregar, de xeito dirixido, as tecnoloxías da información e comunicación
- ✓ Facer uso das bibliotecas de aula e da biblioteca do centro, mostrando respecto polas súas normas de funcionamento.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

ACTIVIDADES	HORARIO	TEMPORALIZACIÓN
Conmemoracións do centro	Lectivo	1º, 2º e 3º trimestre
Universo portátil	Lectivo	1º trimestre
Teatro en inglés	Lectivo	1º trimestre, decembro
Obradoiro de insectos	Lectivo	2º trimestre
Museo de Historia Natural + Carballo de Conxo	Lectivo	2º trimestre
Sendeirismo "Castro Lupario"	Lectivo	2º/3º trimestre
Saída fin de curso	Lectivo	3º trimestre

As actividades están suxeitas a cambios, poderá variar a súa temporalización. Realizarase calquera actividade ou saída que poida xurdir ao longo do curso e que se considere de interese para a formación do alumnado.

3.2.4.- PLAN DE ACTUACIÓN DO 3º CICLO

COMPOÑENTES	CURSO	EQUIPO DE TRABAJO
Ana Mª Rodríguez Beiro	5º C	Extraescolares
Raposo Díaz, Brais	5º A	Extraescolares
Luisa Rodríguez Jacome	5º B	TIC
Adrián García Rajo (Coordinador)	6º C	TIC
Maria Carmen Liñares Liñares	6º A	Biblioteca
Inés Ares Ois	6º A	Biblioteca
Martín Antonio Mosquera Liñares	6º B	TIC
María Dolores Carracedo Durán	INGLÉS	EDLG

Neste curso 2022-23 o 5º nivel conta coas clases de 5º A de 24 alumnos/as, 5º B de 24 alumnos/as e 5º C de 24 alumnos/as.

O 5º nivel conta coas clases de 6º A de 17 alumnos, 6º B de 19 alumnos/as e 6º C de 19 alumnos/as.

A estas aulas asisten nenos/as de N.E.A.E. polo que se precisan apoios e reforzos educativos para un desenvolvemento axeitado da noso labor educativo.

Temporalización. Calendario de reunións

As reunións de ciclo faranse segundo o calendario de reunións docentes previsto pola xefatura de estudos para este fin (xeralmente un luns de cada mes de 17:30 a 19:30), aínda que poderán ter variacións ou modificacións, se así se considera oportuno, polo desenvolvemento da Programación Xeral do Centro.

Obxectivos e planificación do traballo de ciclo

Obxectivos de Aula

Obxectivos para o profesorado do ciclo



- Elaborar a programación de ciclo para o curso 2022 – 23
- Actualizar o P.A.T adecuando temporalmente as diferentes unidades.
- Cumprir cos obxectivos curriculares da LOMLOE para 5º e da LOMCE para 6º de E. P.
- Adecuar os obxectivos e contidos aos nenos e nenas que temos nas nosas aulas.
- Solicitar o asesoramento do Departamento de Orientación, sempre e cando consideremos necesaria a súa intervención, cos nenos e nenas que presenten problemas ou dificultades na súa aprendizaxe.
- Diseñar as probas orais e escritas para o alumnado do ciclo.
- Compartir materiais e experiencias.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares dixitais e buscar novos recursos para traballar diferentes contidos.
- Realizar as actividades de contribución para o proxecto lector do centro previstas na programación.
- Diseñar actividades ou obradoiros que permitan a mellora da expresión escrita.
- Utilizar a prensa como recurso para traballar a comprensión e expresión escrita.
- Elaborar e transmitir propostas do ciclo á Comisión Pedagóxica.
- Fomentar o uso das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.
- Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos Equipos de Traxectoria do Centro.
- Valorar a hixiene e a saúde, coñecer e respectar o corpo humano, utilizando a área de Educación Física como medio para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Adquirir o material pedagóxico necesario para o ciclo.
- Realizar unha avaliación trimestral da práctica docente.

Obxectivos a conseguir co alumnado

- Adquirir as destrezas básicas relacionadas co manexo de material dixital e informático, a través do proxecto Edixgal.
- Contribuír ao aprendizaxe competencial como medio para aprender a aprender.
- Mellorar no cumprimento de normas e na atención e escoita activa.
- Fomentar o valor do esforzo e do traballo.
- Acadar un bo clima de traballo dentro da aula e de compromiso coas tarefas que se propoñen.
- Empregar a Lingua Galega na expresión oral e escrita.
- Consegui-lo gusto polo traballo ben feito no contido e na presentación.
- Poñer en práctica hábitos e estratexias que permitan tanto a actividade individual como o aprendizaxe cooperativa, colaborando activamente e con responsabilidade no traballo en grupo.
- Fomentar o interese e gusto pola lectura incidindo na necesidade da lectura diaria en L. Castelá e sobre todo na L. Galega.
- Mellorar a velocidade lectora.
- Mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Afondar na realización de esquemas, resúmenes, ideas principais e secundarias e diferentes técnicas de estudo.
- Fomentar a acción tutorial como medio de desenvolvemento das habilidades sociais e emocionais.
- Potenciar unha maior autonomía e responsabilidade no desenvolvemento das tarefas diarias referidas ao ensino-aprendizaxe.
- Acadar un ambiente de respecto cara as opinións e as características de cada compañeiro.

Obxectivos a conseguir coas familias



- Tratar de implicar as familias para que o proceso ensino-aprendizaxe sexa maior. Realizar reunións coas familias sempre que o consideremos preciso.
- Insistir na importancia da asistencia a reunións, charlas... organizadas polo Centro.
- Traballar conxuntamente para educar no valor do esforzo e do traballo.
- Fomentar a autonomía e responsabilidade nos seus fillos/as

Actividades Complementarias e Extraescolares

O ciclo contempla as actividades que aparecen na táboa mostrada a continuación.

ACTIVIDADE	HORARIO	TEMPORALIZACIÓN
Sendeirismo 5º	Lectivo	2º ou 3º trimestre
Sendeirismo 6º	Lectivo	30 setembro
Orientación 6º	Lectivo	Outubro-novembro
Cinema miúdo	Lectivo	25 de novembro
Fin de curso 5º	Lectivo e non lectivo	3º trimestre
Fin de curso 6º	Lectivo e non lectivo	3º trimestre

Tamén se teñen en conta as distintas conmemoracións sinaladas na Orde do calendario escolar: Día da Paz, Día Internacional da Muller Traballadora, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día dos Dereitos da Infancia, Día de Rosalía, Semana da Prensa, Día Mundial da Saúde, Día do Libro, , Semana das Letras Galegas e o Día Mundial do Medio Ambiente...

Para 5º e 6º haberá unha profesora todo o curso para reforzar contidos ao alumnado que o precise, pertencente ao Programa PROA+.

Tamén participarán nos **programas de prevención** de condutas aditivas no ámbito escolar, obradoiros de sexualidade afectiva e os de xestión emocional e control da ansiedade con Belén Montesa e o seu equipo.

3.3.- Equipos de traballo

3.3.1.- Equipo de Biblioteca e Animación á Lectura

Composición

Coordinadora	María Isabel Rozados Montoya
Compoñentes	Mª Dolores Lema
	Carmen Cobas Valiña
	Yéssica Rodríguez González
	Mª Carmen Liñares Liñares
	Ana Mª Fariñas Pérez
	Inés Ares Ois
	Lorena Lijó Villanustre
	Manuel Andrés Iglesias Mouro
	Catuxa Díaz Vidaurre

Neste curso académico 2022-2023 seguimos incorporados no PLAMBE. A súa dotación



económica será destinada á mellora da biblioteca tal e como está establecido neste plan.

Informatización da xestión

A Biblioteca Escolar CEIP Agro do Muíño está integrada no programa de xestión debibliotecas PROXECTO MEIGA.

OBXECTIVOS

1. Considerar a Biblioteca Escolar do C.E.I.P Agro do Muíño como un espazo vitalda vida diaria do Centro, tanto para o alumnado coma para o profesorado.
2. Fomentar o hábito lector entre o noso alumnado.
3. Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe.
4. Diseñar actividades para axudar ao alumnado na adquisición de técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
5. Colaborar co profesorado proporcionándolle o material de lectura ou consulta axeitado para el ou os seus alumnos.
6. Implicar as familias nunha cultura da lectura e da información.
7. Formar usuarios no profesorado (asesoramento no proxecto Meiga para consultaou préstamos) e no alumnado (a través de Meiga)
8. Programar actividades de animación á lectura, en colaboración co equipo TIC.
9. Consolidar a xestión informatizada.
10. Adquirir novos fondos en distinto formato.
11. Optimizar a utilización do espazo, a sinalización e o mobiliario.

ACTIVIDADES PERMANENTES

No presente curso iniciamos o PDI “ UNHA FIESTRA ABERTA O MUNDO”. Ademais, retomaranse as actividades permanentes que se viñan desenvolvendoao longo destes anos, como:

Biblioteca aberta: catro tardes á semana para que tanto os escolares como os pais/nais poidan facer uso da Biblioteca respectando o aforo máximo fixado en 25persoas. Os luns haberá unha persoa de garda de 16:30 – 17:30, mentres sexan as titorías. Logo, estará ocupada con reunións do profesorado.
Programa “Acción Titorial e Emocional”: destinado á acción titorial preventiva e a alumnado con condutas disruptivas. Consiste en ofertar para a acción titorial unha colección de materiais a deseñar en colaboración co departamento de Orientación para que o alumnado poida reflexionar e crecer elaborando traballos sobre temas como: Autoestima-autocoñecemento, Personalidade, Emocións, Habilidades Sociais, Valores Humanos, Estratexias de Resolución de Conflitos, etc
Taller de creación literaria: poesía, descrición, narración, divulgativo, periodístico e expositivo.
Dípticos de Leopoldo: anunciando as novidades, noticias, recomendacións de libros.
Traballos documentais: elaboraranse traballos documentais interdisciplinaressobre o tema do proxecto anual da Biblioteca para todo o Centro. (UNHA FIESTRA ABERTA AO MUNDO)



<p>Tradicións e expresións orais. En consonancia co lema elixido pola <u>Asesoría de BE</u> para o presente curso <u>ESCRIBIR A Biblioteca Escolar</u>, iniciamos a nosa andaina educativa na procura de investigar e valorar as diferentes tradicións das culturas do mundo.</p>
<p>Exposicións: dar proxección social ao traballo elaborado ao longo do curso. Exposicións de fondos relacionadas co proxecto e novas adquisicións para a biblioteca, ben a nivel presencial ou virtual.</p>
<p>Dossier: elaborado do tema do proxecto.</p>
<p>Libros que deixan pegada: escribir en siluetas de fiestras os libros recomendados polos propios alumnos/as.</p>
<p>Mochilas viaxeiras: cada aula ten unha na que a biblioteca viaxa ás casas para que as familias compartan lecturas.</p>
<p>Faladoiros no Muíño. Aportacións das familias con exposicións orais ou documentais do proxecto do colexio, que comezarán a finais de outubro.</p>
<p>Actividades de expresión oral: fala que te falarás do tema anual.</p>
<p>Recompilación: noticias relacionadas co noso PDI deste curso.</p>
<p>Músicas do mundo: durante todo o curso substituirase o timbre por música.</p>

Ademais, o Equipo de Biblioteca colaborará activamente en todas as actividades programadas no centro, así como cos equipos de actividades extraescolares e complementarias, co equipo de dinamización da Lingua Galega, TICS e Voz Natura.

Neste curso, solicitarase a participación no programa Bibliotecas Escolares Solidarias, e Bibliotecas Creativas na convocatoria do curso 2022-2023. Ademais continuarase co programa "Radio na biblio".

PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRES PARA O CURSO 2022-23

1º TRIMESTRE

SETEMBRO:

- Ambientación mínima de aulas e corredores con motivos relacionados co proxecto documental integrado: "Unha fiestra aberta ao mundo"
- Elaboración dos novos carnés. (profesorado e alumnado novo)
- Elaboración do itinerario lector.
- Formación de usuarios para todo o profesorado e alumnado por unha mestra do equipo de biblioteca.
- Revisión das normas da biblioteca.
- Ordenar as diferentes zonas (permanecerá pechada ata rematar)
- Actualización do blog.

OUTUBRO:

- Preparación do caderno das mochilas viaxeiras e posta en marcha das mesmas.



- Presentación da mascota e visita guiada do alumnado de 3 anos á Biblioteca.
- Celebración do MES DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES coa apertura de uso da nosa biblioteca.
- Exposición: Libros relacionados co proxecto.
- EXPOSICIÓN DO SAMAÍN: Investigar e coñecer os ritos e celebracións funerarias doutros países.
- FESTA DO SAMAÍN: o día 28 de outubro pola tardiña, en colaboración coas familias facemos unha festa con comidas típicas e disfraces.
- Elaboración da carta ás familias recadando a súa colaboración para a decoración dunha cabaza con motivos culturais dos distintos países que se están a traballar para a súa posterior exposición no corredor principal do colexio.
- MOCHILAS VIAXEIRAS: Posta en marcha das mochilas viaxeiras.
- Organización, coordinación e reparto de función do equipo colaborador, biblioaxudantes, da BE (alumnado de 6º de Primaria).

NOVEMBRO:

- MAGOSTO: En colaboración con outros equipos organización do magosto.
- Celebración do mes da CIENCIA en GALEGO. Diferentes experimentos. Empréstimo da mochila de SnackLab do CAFI.
- 25 de Novembro: “Día Internacional contra a violencia de xénero”. Traballar libros e vídeos, relacionados coa temática.(colaboración co concello).
- Elaboración dun panel con expresións en diferentes idiomas exaltando o papel da muller: “Unha fiestra aberta ao mundo sen violencia de xénero”
- Colaboración das familias: FALADOIROS NO MUÍÑO: contacontos, e actividades específicas relacionadas co tema. Esta actividade manterase ao longo de todo o curso.
- Exposición mensual temática e novidades.

DECEMBRO:

- Elaboración da Guía de lectura de Nadal.
- Concienciación sobre o consumismo. En colaboración co equipo de Voz Natura pedir a colaboración das familias para realizar algún obxecto ou xogo dalgún país que se está a traballar elaborado con material de reciclaxe para á volta das vacacións elaborar unha exposición.
- Exposición de materiais e panel relacionados co Día Internacional das persoas con Discapacidade.

2º TRIMESTRE

XANEIRO:

- Día da paz. Colaboración co equipo de actividades extraescolares na elaboración dun mural de Interculturalidade.
- Exposición de libros.

FEBREIRO:



- Día Internacional da muller e nena na ciencia: “Unha fiestra aberta ao mundo de mulleres e as nenas na ciencia”
- Día de Rosalía: “Rosalía no camiño” en colaboración co EDLG, o concello e a asociación de autores galegos. Exposición de libros relacionados con Rosalía.

MARZO:

- ENTROIDO: Investigación dos diferentes tipos de Entroido e vestuario tradicionais dos diferentes países relacionados co proxecto.
- Día da muller traballadora: “Un mundo cheo de mulleres artistas”, traballo de investigación sobre mulleres artistas ou relevantes dos países do proxecto. Actividades propostas polo concello.
- Semana da Prensa: exposición e recompilacións de novas relacionadas co proxecto.
- Día da árbore e da Poesía (21 de Marzo) en colaboración con Voz Natura:

Elaboración dun tendal poético. Cada aula elaborará uns versos ou pequenapoesía relacionada co seu país.

3º TRIMESTRE

ABRIL

- Recollida dos traballos elaborados ao longo do curso (Recolleranse despois de Semana Santa)
- Exposición dos traballos (de forma presencial ou virtual) realizados polas diferentes aulas en relación ás actividades do plan de lectura.
- Día Internacional do libro Infantil.
- Día Mundial do Libro: Para celebrar o día do libro 2023, traballaremos baixo o lema "Unha fiestra aberta ao mundo dos libros". Ademais, realizarase os apadriñamentos lectores de todo o alumnado.

MAIO

- Exposición e presentación dos traballos realizados a toda a comunidade educativa (presencial ou virtual)
- Premio Mellores lectores
- Colaboración co EDLG para as actividades relacionadas coas Letras Galegas.
- Elaboración de Guías de Lectura de Verán.

HORARIO PREVISTO

O Equipo de dinamización de Biblioteca e animación á lectura elaborará un horario que cumprirá cos seguintes requisitos:

- As horas de xestión da actividade da biblioteca facilitarán que esta conte con presenza docente o maior número de horas posible dentro do horario lectivo para garantir a apertura do servizo aos usuarios.
- A responsable da BE disporá de 6 horas para a organización e colaboración na mesma, outros membros disporán de 5 horas para catalogación, organización e xestión do blog.
- A biblioteca ofertará os seus servizos no horario de tarde (de martes a venres) de 16:30h. a 18:30h.



- Para a utilización da biblioteca, tanto polo alumnado de E. Infantil como polo o alumnado de E. Primaria, cada aula terá reservada unha sesión quincenal, para poder asistir cos respectivos titores/as a facer uso didáctico da sala de lectura e utilizar o servizo informatizado de préstamos. Consideramos que é o noso labor dar a maior publicidade posible para que o alumnado asista polas tardes a facer traballos de investigación ou consulta de libros.
- Durante os recreos permanecerá aberta 5 días á semana, para o alumando de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cos biblioaxudantes, formado polo alumnado de 6º de primaria, que realizará as seguintes funcións: recolocar as devolucións dos libros prestados, coidar libros enfermos, colaborar na catalogación dos libros (colocar pegatinas e forrar libros), actividades de animación á lectura, atender peticións...
- Todos os días dedicaremos 20 minutos á hora de ler
- A distribución horaria das sesións de xestión facilitará que a biblioteca permaneza aberta o maior número posible de sesións lectivas para que os usuarios poidan acceder e facer uso dos seus servizos como recurso educativo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Enquisa Biblioteca para profesorado

Esta enquisa pretende coñecer a opinión sobre as distintas actividades levadas a cabodurante este curso escolar e así poder mellorar de cara ao futuro.

Valora do 1 ao 5 o grao de satisfacción, sendo o 1 o menos satisfactorio.					
Elementos	1	2	3	4	5
1. Actividade Formación de usuarios. Presentación nabiblioteca .					
2. Caixas de ler nas aulas.					
3. Actividades para o Samaín					
4.Mes da ciencia.					
5. Conferencias.					
6. Día da non violencia de xénero					
7. Doazón de contos e material escolar					
8. Día da paz					
9.Día Internacional da muller e nena na ciencia					
10. Día de Rosalía.					
11. Día da muller.					
12. Día da poesía.					

13. Mes do libro.

14. Valoración do proxecto

15. Valoración das actividades “Plan de lectura”

16. Valoración “Faladoiros do Muíño”

11.7.- PLAN DE LECTURA


ITINERARIO LECTOR - CURSO 2022-23

INFANTIL 3 ANOS

TÍTULO: ***UN BECHO ETRAÑO***
AUTOR: MON DAPORTA
EDITORIAL: KALANDRAKA EDITORA




TÍTULO: ***EL PARAGUAS DE CEBRA***
AUTOR: DAVID HERNÁNDEZ SEVILLANO
EDITORIAL: NUBEOCHO EDICIONES



INFANTIL 4 ANOS



TÍTULO: ***DEZ GATIÑAS VIAXEIRAS***
AUTORA: EVA MEJUTO
EDITORIAL: XERAIS




TÍTULO: **EL COLOR DE TU PIEL**
AUTOR: DESIREE ACEVEDO
EDITORIAL: CUENTO DE LUZ

INFANTIL 5 AÑOS


TÍTULO: **PAXARO AMARELO**
AUTORA: OLGA DE DIOS
EDITORIAL: APILA EDICIONES



TÍTULO: **EL RATONCITO PÉREZ**
AUTORA: ANNA CANYELLES
EDITORIAL: LA GALERA



1º PRIMARIA




TÍTULO: **SUPER PATAKA 1**
AUTOR: ARTUR LAPERLA
EDITORIAL: BANG EDICIONES



TÍTULO: **ESCUELA DE MONSTRUOS 1: LA MASCOTA MÁS GRANDOTA**

AUTOR : SALLY RIPPIN.
EDITORIAL : MONTENA



TÍTULO: **NON A TODAS AS NENAS LLES GUSTA O ROSA.**

AUTOR : DAVID PINTOR

EDITORIAL : XERAIS

2º PRIMARIA

TÍTULO: **RAPUNZEL CON PIOLLOS.**

AUTORA: EL HEMATOCRÍTICO

EDITORIAL: XERAIS



TÍTULO: **UN ELEFANTE NO DESERTO AFRICANO**

AUTOR: SUSANA PEIX

EDITORIAL: EDICIÓNS DO CUMIO



TÍTULO: **ELLAS TAMBIÉN CUENTAN**

AUTOR: ANA ALONSO

EDITORIAL: ANAYA




3º PRIMARIA

TÍTULO: **EL CLUB DE LOS RAROS**

AUTOR: JORDI SIERRA I FABRA


EDITORIAL: EDICIONES SM



TÍTULO: **ANIMALARIO DE LER A DIARIO**

AUTOR: EDUARD VELASCO


EDITORIAL: XERAIS



TÍTULO: **A BRUXA SELANA**

AUTORES: ALBA DE EVAN E XABIER DOMÍNGUEZ

EDITORIAL: EDICIÓNS DO CUMIO





4º PRIMARIA

TÍTULO: **QUERIDO HIJO: TE VAS CON LOS ABUELOS.**

AUTOR: JORDI SIERRA I FABRA


EDITORIAL: SANTILLANA LOQUELEO



TÍTULO: **VAMPIRA DE BIBLIOTECA**

AUTORA: LEDICIA COSTAS

EDITORIAL: XERAIS



TÍTULO: **A ESCOLA DOS PIRATAS**

AUTOR: AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
EDITORIAL: RODEIRA

5º PRIMARIA

TÍTULO: **A SEÑORITA BUBBLE BAIXO CERO.**

AUTOR: LEDICIA COSTAS

EDITORIAL: XERAIS.



TÍTULO: **LA VUELTA AL MUNDO EN 80 DÍAS**

AUTOR: JULIO VERNE

EDITORIAL: ANAYA.


TÍTULO: **DEFECTOS MONSTRUOSOS**

AUTOR: ALBERTO MONTORIA MACEÍN

EDITORIAL: HÉRCULES DE EDICIONES



6º PRIMARIA




TÍTULO: **FORMIGAS: MISIÓN TOKYO**

AUTOR: PERE TOBARUELA
EDITORIAL: XERAIS

TÍTULO: **A FOLLA AZUL**

AUTORA: ANDREA MACEIRAS

EDITORIAL: XERAIS.



TÍTULO: **CUENTOS DE POE**

AUTOR: EDGAR ALLAN POE

EDITORIAL: ANAYA



TODO O CENTRO TRABALLARÁ SOBRE OS LIBROS SELECCIONADOS ao longo do curso, realizando actividades para ANTES, DURANTE e DESPOIS da lectura.

PARA TODO O ITINERARIO LECTOR PROGAMARANSE ACTIVIDADES DENDE O EQUIPO DE BIBLIOTECA, ASÍ COMO DENDE DIFERENTES EQUIPOS DOCENTES.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA PROXECTO LECTOR

AVALIACIÓN E PROPOSTAS PARA A REVISIÓN do Proxecto Lector De Bibliotecas Escolares de Galicia.



3.3.2.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega

O Equipo de Dinamización da Lingua galega do CEIP Agro do Muíño, está formado polos seguintes membros:

Coordinadora	Carracedo Durán, M ^a Dolores	3º ciclo
Membros	Moure Beiroa, Mercedes	Infantil
	Mirás Jorge, Ana Isabel	Infantil
	González Marquina, M ^a Dolores	1º ciclo
	Lorenzo Arceo, Aida	1º ciclo
	Lorenzo Bello, Ana M ^a	2º ciclo
	Palacios García, M ^a Carmen	2º ciclo
	Agrafojo Padín, Natalia	2º ciclo



As reunións do Equipo teñen lugar os luns de cada mes. Debemos salientar que, ademais dos membros do equipo, toda a comunidade educativa colaborará no proxecto que propoñemos.

Ao longo do curso desenvolveremos o proxecto interdisciplinar sobre as culturas do mundo “Unha fiesta aberta ao mundo”

Dende o EDLG o título será “**A pegada do galego no mundo**”.

Así mesmo, son susceptibles de realizarse todas aquelas actividades que vaian xurdindo durante o curso e que o profesorado considere oportunas, así como calquera cambio que sexa preciso para a organización e o bo funcionamento do centro.

Análise da situación do uso do galego no centro.

Despois de facer en colaboración coa Real Academia Galega e o Concello de Ames un estudo sociolingüístico do centro, pioneiro neste ámbito e referente para a súa análise, extráense varias conclusións e datos moi interesantes que debemos ter en conta á hora de planificar o noso Proxecto Lingüístico de Centro:

- De cada dez nenos/as proveñen de familias onde a lingua de transmisión é o castelán.
- As familias teñen un perfil de “mantedoras do castelán” e aquelas familias que reproducen o galego redúcense a dúas de cada dez.
- Rómpeuse o proceso de transmisión lingüística interxeracional entre avós e netos en dúas de cada dez familias.
- O idioma vaise perdendo segundo van pasando as xeracións a favor do castelán.
- Hai unha muda lingüística xa na etapa de infantil e incluso comeza na gardería.
- Un 35,9% das familias que tiñan fillos/as galego falantes indicaron que o seu fillos e fillas comezaron a falar máis castelán cando comezaron escolarización.
- 70% dos nenos e nenas de Agro do Muíño son castelán falantes habituais.
- O alumnado mellora a capacidade para falar e escribir a medida que vai superando os ciclos de Primaria.
- Existe unha predisposición lingüística actitudinal positiva cara ao galego.
- A lingua habitual dos nenos/as da etapa de infantil está especialmente relacionada coa lingua que utilizaron os pais para dirixirse a eles tendo máis influencia a nai.
- No profesorado, o uso habitual do galego dentro do centro é do 70%.
- En relación ao centro, a Lingua galega é a lingua oficial do centro, e polo tanto, todas as actuacións administrativas e educativas son en galego (documentación administrativa, programacións, carteis, avisos, correspondencia...).
- A presenza do galego na vida do centro é continua, tratando de crear un clima estimulante de cara a utilización da lingua galega.

Obxectivos

O obxectivo xeral deste equipo é lograr que o Centro lle garante unha boa competencia lingüística en galego a todo o alumnado, e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

Actividades

Inicialmente temos previsto as seguintes actividades,

As actividades desde o EDLG para acadar os obxectivos propostos son as seguintes:

Actividades plurianuais

Son aqueles proxectos ou actividades desenvolvidas en cursos anteriores aos que se lles quere dar continuidade:

- Proxecto lector
- Celebración do Samaín.



- Celebración do Magosto
- Concurso de postais do Nadal
- Celebración das Letras Galegas

O proxecto de todo o centro parte do Equipo da Biblioteca Escolar
“Unha fiesta aberta ao Mundo”.

Dende o EDLG organizaremos actividades en relación co proxecto, xunto co equipo da biblioteca, Voz Natura, das Tics e actividades extraescolares e complementarias.

1º TRIMESTRE

Ambientación de aulas e corredores con motivos relacionados co proxecto de innovación educativa: “ **Unha fiesta aberta ao Mundo**”

Actualización do blog.

Saída de Sendeirismo 6º.

Ruta do Camiño portugués, sae de Raíces, pasa polo Concello e chega a Santiago á plaza do Obradoiro. 1º trimestre.

Xornada de Orientación, con pistas nun parque de Bertamiráns cos grupos de 6º.

Actividade conxunta con Voz Natura reutilizando porixpán e xornais

“ **O noso consumo deixa pegadas**” “ é o lema de Voz Natura este curso.

A Actividade consiste en forrar unha letra, por titoría, co porixpán e periódicos. Decorala con produtos do outono (follas secas, millo, castañas...) cando se rematen empregaranse para ilustrar o Samaín.

Mural “ Viaxamos en familia polo mundo”

Mandouse unha mensaxe ás familias para que enviaran fotos de viaxes para a elaboración de dito mural.

Celebración do Samaín (Do 24 ao 28 outubro)

Haberá sesións de contos do Samaín, enviaranse os horarios. O alumnado poderá vir disfrazado.

OBRADOIRO “ Enreguéifate” (24 ao 31 outubro)

Improvisación oral. 53 alumnos de 6º Ed. Primaria.

2 sesións de 90 minutos.

Elaboración dun listado de recompensas por falar en galego a nivel grupal na aula.

Faladoiros do Muíño, contacontos e actividades específicas relacionadas co proxecto.

Empezarán en novembro e manteranse ao longo de todo o curso.

Celebración do Magosto (11 novembro)

Virá o castañeiro a asar castañas e organizaranse xogos. Tamén haberá unha actuación dun grupo de música financiado pola ANPA.

Celebración do mes da **Ciencia en Galego**.

25 de Novembro: “ **Día Internacional contra a violencia de Xénero**”

Traballar libros e vídeos relacionados con este tema en colaboración co Concello.

Xuntanza do SNL do concello cos EDLG dos centros do concello de Ames, co fin de organizar as actividades de todo o curso.

Concurso de Postais de Nadal.

A actividade consiste na elaboración de postais e mensaxes de nadal. Seleccionaranse unha postal por ciclo e elixiremos unha postal gañadora, que será a que se utilizará para felicitar as



pascuas ás familias dos centros e os organismos do concello.

2º TRIMESTRE

- **Celebración do día da Paz**

O 30 de xaneiro faremos varias actividades sobre a Paz en colaboración co equipo da biblioteca e co de extraescolares.

Mural sobre o tema coa participación de todo o alumnado.

- **Día de Rosalía de Castro.** 23 de febreiro. “Rosalía polo mundo”. Investigar en que outras partes do mundo hai rúas ou monumentos dedicados a Rosalía.

- **Celebración do Entroido (17 febreiro)**

Colaboraremos coa comisión de actividades complementarias nesta celebración. Cada aula disfrazarase do país no que están traballando.

- **Celebraremos as seguintes conmemoracións:**

- Semana da prensa (8 ao 12 marzo)
- Día da Muller (8 marzo)
- Día da poesía e día da árbore (23 de marzo)
- Semana do libro (19 ao 23 abril)

3º TRIMESTRE

- Recompilación de información sobre todo o traballado e Exposición de todo o material recollido.

- **Xuntanza do SNL** do concello cos EDLG dos centros do concello de Ames co fin de concretar a temática do Certame.

- **Certame Artístico Literario Intercentros, Concello de Ames**

No mes de maio, co gallo da celebración das Letras Galegas o SNL do Concello de Ames convoca este certame literario para promocionar entre o alumnado o uso do galego asociándoo a valores positivos tales como o respecto, a tolerancia. Dirixido ao alumnado de 2º e 3º ciclo de E. Primaria.

- **Celebración das Letras Galegas en torno á figura de:**

- **“ Francisco Fernández del Riego”**

O escritor de Vilanova de Lourenzá será o homenaxeado no 2023

Farase unha semana cultural, cada día unha actividade

- **Despedida do alumnado de 6º Ed. Primaria**

A temática será “ A volta ao mundo en 80 días”

- **Colaboración no Proxecto lector do centro.**

- **Colaboración nas publicacións dos edublogs do centro:**

- **Dinamización TIC e Equipo da biblioteca.**

- **Colaboración na páxina web do centro.**

- **Dinamización do edublog do EDLG**

3.3.3.- Equipo de Actividades complementarias e extraescolares

1. FUNCÍONS DO EQUIPO:

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encargárase de promover, planificar, organizar e desenvolver as actividades didácticas tanto de carácter complementario como extraescolar que se realicen no centro. Así mesmo,



coordinarase coa ANPA e demais entidades que colaboren no centro, na programación de actividades realizadas anualmente no centro.

Este **curso 2022-23**, na organización de actividades no centro, escollemos como centro de interese a **educación multicultural**. Este marco de referencia seguirá sendo promovido fundamentalmente polo Equipo de Biblioteca pero nel implicarémonos todos os Equipos de profesorado e, polo tanto, toda a comunidade educativa. Con isto perseguimos

contribuír á mellora da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, tanto no día a día no centro coma na contorna máis próxima.

O noso lema este curso 2022-23 é **“Unha fiesta aberta ao mundo”**.

2. INTEGRANTES DO EQUIPO:

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares está composto polos seguintes membros:

Coordinadora	Sara Gómez Macho	2º ciclo
Membros	Susana Barrio Cabado (subst. a Paula Patricia Castiñeiras Silva)	Infantil
	Mª Begoña Castro López	1º ciclo
	Nadía Fonseca Lorenzo	2º ciclo
	Brais Raposo Díaz	3º ciclo
	Mª Alicia Miguéns Otero	E.F.
	Sandra Antelo Pais	Inglés
	Asunción Josefa Refojo González (subst. a Mª Rosario Rodríguez Gregori)	Relixión católica

3. CALENDARIO DE REUNIÓNIS:

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares reunirse segundo o Calendario de Reunións do centro no día establecido para “Equipos de Traballo”. Por outra banda, tamén poderá reunirse con distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e representantes no Consello Escolar, para a selección, organización, desenrolo e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

4. PLAN DE TRABALLO

- Elaborar o programa anual das Actividades Complementarias e Extraescolares para o que se terán en conta as propostas dos Equipos de Ciclo/Nivel, as orientacións dadas polos mestres e mestras no Claustro e na Comisión de Coordinación Pedagóxica e as suxestións dos pais e nais dadas á ANPA.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, prezo e forma de participación do alumnado.
- Proporcionar aos alumnos/as e ás familias a información relativa ás actividades desenvoltas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas ofertadas tanto polo Concello e a ANPA e que se realicen dentro e fóra do centro escolar.
- Recoller información acerca de actividades que poidan ser de interese para levar



a cabo co alumnado e presentarllos ao Claustro de mestres.

- f) Distribuír equitativamente os recursos económicos destinados a realización de actividades no centro.
- g) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- h) Presentar propostas ao Equipo Directivo para a realización e intercambio de actividades con centros do seu entorno.

5. PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA AS CONMEMORACIÓNS:

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións, dasque existirá un “banco de actividades” que estará ao servizo do profesorado na intranet do centro na carpeta de “Extraescolares”:

- Do 24 ao 28 de outubro do 2022: Samaín.
- 11 de novembro do 2022: Magosto.
- 20 de novembro do 2022: Día Universal da Infancia (Día do pixama).
- 25 de novembro do 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro do 2022: conmemoración da Constitución do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro do 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- 10 de decembro do 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Do 12 ao 22 de decembro do 2022: Nadal.
- 24 de xaneiro do 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro do 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 7 de febreiro do 2023: Entroido
- 23 de febreiro do 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo do 2023: Día Internacional da Muller.
- Do 6 ao 10 de marzo do 2023: Semana de la Prensa.
- 15 de marzo do 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 23 de marzo do 2023: Día da árbore, dos bosques e da poesía.
- 1 de abril do 2023: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril do 2023: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 17 e o 21 de abril do 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio do 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio do 2023: Día de Europa.
- Do 8 ao 16 de maio do 2023: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño do 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.
- 19 e 21 de xuño do 2023: Despedida do alumnado de 6º Ed. Primaria.
- 21 de xuño do 2023: Fin de curso.

A situación actual respecto da crise sanitaria producida pola COVID-19, permite que se retome a celebración dalgunhas destas conmemoracións, así coma outras actividades complementarias, de xeito grupal, abarcando a todo o alumnado do centro. Outras realizaranse no contexto do grupo-aula ou por niveis-ciclos. Nalgún caso, estas serán abertas á comunidade



educativa (Samaín, Entroido, etc).

6. SAÍDAS DENTRO E FÓRA DA CONTORNA:

O profesorado levará a cabo co alumnado, ao longo do curso, unha serie de saídas á contorna (máis ou menos próxima). Ao comezo do curso enviarase ás familias do alumnado do centro unha autorización para todas aquelas saídas que se realicen pola contorna (Concello de Ames) ao longo do ano e que sexan gratuítas e dentro do horario escolar. Cando unha actividade sexa fóra da contorna, do horario escolar e/ou supoña un custo económico, enviarase ás familias un modelo de autorización específico cunha nota explicativa.

Dentro das saídas que forman parte da Programación Xeral Anual do centro, están as programadas polo Equipo de Educación Física (incluídas na Programación de E.F.) son:

- Xornada de Orientación, que terá lugar no 1º trimestre, cos grupos de 6º de Ed. Primaria.
- Ruta de sendeirismo o 30 de setembro-6º de Primaria (Camiño Portugués dende Raíces ata a catedral).
- Saídas ao parque da Condomiña, que terán lugar no 3º trimestre co alumnado de 1º e 2º de Primaria.
- Rutas de sendeirismo, que terán lugar no 2º ou 3º trimestre, co alumnado de 3º a 5º de Ed. Primaria.

As listaxes de actividades que se leven a cabo fóra do centro por curso, aparecen recollidas nas Programacións dos distintos niveis.

7. AVALIACIÓN:

No remate de cada trimestre farase unha revisión da PXA, valorando as actividades realizadas e elaborando un novo programa para o seguinte trimestre, que deberá ser aprobado, se procede, polo Consello Escolar.

Ao final de curso elaborárase a Memoria Final do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares coa avaliación das actividades realizadas, que se incluírá na Memoria Final do Centro.

3.3.4.- Equipo de dinamización T.I.C.

Coordinador/a	Martín Antonio Mosquera Liñares
Compoñentes	Rodríguez Jácome, Luisa (Coord E-DIXGAL)
	Rodríguez Beiro, Ana María
	García Rajo, Adrián
	Lafuente Grille , María
	Pérez Castro, Diego
	Sir Balsa, Carina Jacqueline

Páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/>

Aula virtual do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/aulavirtual/>

Obxectivos:

- Implantar o Plan Dixital de centro
- Avanzar na utilización das novas tecnoloxías como recurso educativo de centro



- Actualizar o inventario dos medios existentes e elaborar un plan de mantemento e renovación de equipos informáticos e infraestruturas.
- Coordinar co asesor da zona e co CAFI.
- Organizar o mantemento cotiá dos equipamentos informáticos e audiovisuais.
- Dar soporte con medios TIC a actividades organizadas no Centro. Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro.
- Formarse na utilización de ferramentas dixitais orientadas á Robótica Educativa.
- Potenciar a formación do profesorado no eido das TIC e dos Proxectos Abalar e E-Dixgal.
- Crear, administrar e manter os diferentes cursos da Aula Virtual.
- Participar activamente na formación do profesorado no uso e manexo de TIC. Matricular alumnado na Aula Virtual.
- Familiarizar ao alumnado coas novas tecnoloxías, en particular coa Aula Virtual docente.

Organización do traballo:

- Implementación do Plan Dixital de Centro
- Xestión da administración, matrícula e creación de cursos na Aula virtual
- Formación do profesorado na posta en marcha dos cursos da Aula Virtual docente.
- Procurar traballar en coordinación cos outros equipos
- Revisión e optimización do material informático do centro.
- Solicitud de colaboración do asesor E-Dixgal de zona e dos técnicos que sexan precisos.
- Creación dun sistema de seguridade que garanta o funcionamento axeitado dos equipos
- Optimización, mellora e incremento no posible os equipamentos TIC e audiovisuais do centro procurando obter o máximo rendemento dos mesmos.
- O equipo reunirse unha vez cada mes segundo o calendario previsto.
- Ao remate de cada curso escolar elaborar memoria e as correspondentes propostas de continuidade

Programación de actividades:

- Establecer un equipo de profesores/as (Equipo Plan Dixital) para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro.
- Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro.
- Iniciar ao alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria na robótica.
- Utilizar a Aula Virtual/Edixgal ao menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de avaliación en liña.
- Solicitar a creación dun polo creativo no centro
- Empregar ferramentas de coavaluación e autoavaliación do alumnado para a avaliación dixital de traballo do alumnado en aulas Moodle e/ou Edixgal.
- Crear os diferentes cursos na Aula Virtual, e matricular ao alumnado.
- Actualizar e optimizar os equipos informáticos do Centro
- Solicitar reformas e melloras necesarias nas instalacións do Centro.
- Colaborar en proxectos de formación e innovación educativa baseados nas TIC
- Fomentar o coñecemento e uso da tecnoloxía das webs dinámicas.
- Actualizar a páxina web do centro.

Formación do profesorado do claustro:

- Participación nun PFPP para a implementación do Plan Dixital de Centro.
- Formación en robótica aplicada a centros educativos de Infantil e Primaria.
- Formación dun equipo de traballo para a creación de contidos na aula Moodle.
- Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes e o posterior aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino



4.- RECURSOS PREVISTOS

4.1.- Equipamento

Despois da elaboración do Plan Dixital no curso 21-22, neste curso 22-23 tocará poñelo en marcha.

Hai carencia de ordenadores no centro para o alumnado xa que os que foron dotados pola Consellería no seu momento para a aula de informática, están obsoletos. Na actualidade este espazo non está operativo xa que é ocupada polo alumnado de 4º A de Primaria.

Nas aulas iranse renovando equipos informáticos, pizarras dixitais, canóns...que vaian quedando anticuados ou se avaríen.

Todas as aulas constan de canón, ordenador e pizarra dixital agás 3 aulas de infantil. Está previsto que a Consellería envíe algunha.

En 5º e 6º está funcionando o programa Edixgal con equipos individuais para cada alumno (aínda faltan algúns que non enviaron xa que a matrícula é superior á do curso pasado).

No centro úsase a maqueta operativa Abalar da Amtega baseada nun sistema operativo Linux Debian 8.5.

A principios deste curso dotáronse ás aulas de nova creación con internet e wifi.

O centro consta de 17 equipos que foron enviados pola Consellería no curso 21-22 para paliar a fenda dixital e que son utilizados por quendas polos cursos de 3º e 4º.

Iniciado o curso o Concello fixo os arranxos que foron solicitados pola dirección do centro.

Segue pendente unha soleira de cemento onde poida xogar o alumnado sen enlamarase.

Renovouse no mes de setembro a porta de acceso ao centro dende o patio cuberto substituíndo a anterior de madeira por unha de aluminio eléctrica.

Dende a área de Educación Física mercáronse para este varios elementos deportivos e o Departamento de Orientación algún test de diagnóstico e recursos metodolóxicos para reforzar a comprensión e expresión escrita.

Instalarase algún sistema de aparcamento de bicicletas xa que hai algún alumno que usa este medio para vir ao centro.

4.2.- Persoal Docente/ Non docente

Contamos con 6 unidades habilitadas dende 1º a 6º de E.P. Nos últimos 3 cursos pasamos de liña 2 a liña 3 polo que ao profesorado con destino definitivo no centro engádese outro provisional sobre todo en Primaria.

A profesora itinerante de inglés impartirá clase na etapa de Educación Infantil e no 1º nivel de Primaria ademais de impartir aulas na EEI da Igrexa, Covas e Aro (Negreira).

É o 4º ano que contamos con tres seccións bilingües para a área de Plástica no nivel de 1º.

Está destinada tamén neste centro unha profesora de PT, unha mestra de AL compartida coa unitaria da Igrexa e 2 auxiliares técnicos educativas (unha dela compartida dende o 6 de outubro co IES do Milladoiro) para atender ao alumnado con NEAE.

A mestra de relixión evanxélica vén do Centro de Ventín os xoves e venres.

A conserxe é persoal do Concello e tamén contamos con persoal de limpeza (dúas limpadoras con horario de 15:00 a 21:00 h).

Temos auxiliar administrativo dende abril de 2017. Esta praza quedou vacante e foi ocupada por unha auxiliar que na actualidade está en comisión de servizos noutra Consellería polo que será unha praza pouco estable repercutindo negativamente no funcionamento do centro.



5.- CONCRECIÓN ANUAL DO PEC.

Na web do centro publicaranse as programacións dos equipos docentes para dalas a coñecer a toda a comunidade educativa.

[Ver programacións docentes na web do centro](#)

6.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

6.1.- Claustro de Profesores

Desde a Dirección consideramos que o Claustro de Profesores ten que ser un órgano fundamental na vida escolar do centro. Procuraremos que sexa informado dos proxectos e actividades programadas e que participe moi activamente no debate e nas decisións que afecten á organización e á marcha do centro.

No calendario de reunións están previstas un total de 10 reunións de claustro, aproximadamente unha cada mes. Poderanse celebrar outros claustros de carácter extraordinario cando sexa necesario.

Equipo directivo:

Directora	M ^a Carmen Liñares Liñares
Xefa de estudos	Begoña Castro Iglesias
Secretaria	Ana M ^a Bolaño Veiras



Composición do Claustro de Profesores:

Agrafojo Padín, Natalia	Lafuente Grille, María
Antelo Pais, Sandra	Lema Carballo, M ^a Dolores
Ares Ois, Inés	Lijó Villanustre, Lorena
Barcala Iglesias, M ^a José	Liñares Liñares, M ^a Carmen
Barrio Cabado, Susana (substitúe a Paula P.Castiñeiras Silva)	Lorenzo Arceo, Aida
Bolaño Veiras, Ana María	Lorenzo Bello, Ana María
Carracedo Durán, María Dolores	Miguens Otero, María Alicia
Castiñeiras Silva, Paula Patricia*	Mirás Jorge, Ana Isabel
Castro Iglesias, María Begoña	Mosquera Liñares, Martín Antonio
Castro López, María Begoña	Moure Beiroa , Mercedes
Cobas Valiña, Carmen	Palacios García, M ^a Carmen
Díaz Vidaurre, Catuxa	Cacheda Cao, Cynthia (subst de María Pampín Calvo)
Fariñas Pérez, Ana María	Pérez Castro, Diego
Fernández Busto, Luisa Fernanda*	Raposo Díaz, Brais
Fonseca Lorenzo, Nadia	Refojo González, Asunción (substitúe a Rosario Rodríguez)
García Rajo, Adrián	Rodríguez Beiro, Ana María
Gómez Macho, Sara	Rodríguez González, Yéssica (substitúe a Luisa Fernández)
González Carracedo, María Elena	Rodríguez Gregori, M ^a Rosario*
González Espiñeira, Yolanda	Rodríguez Jácome, Luisa
González Marquina, María	Rozados Montoya, María Isabel
Iglesias Mouro, Manuel Andrés	Sir Balsa, Carina Jacqueline

6.2.- Consello Escolar

O Consello Escolar (Eleccións novembro 2021) está constituído do seguinte xeito:

Directora	Liñares Liñares, M ^a Carmen
Xefa Estudos	Castro Iglesias, Begoña
Secretaria	Bolaño Veiras, Ana María
Representantes do Profesorado:	Castiñeiras Silva, Paula Patricia*
	Ares Oís Inés
	Pampín Calvo, María*
	Moure Beiroa , Mercedes*
	M ^a Alicia Miguens Otero
Representantes de nais e pais	Camiño Framil, M ^a Dolores
	Torreiro Taboada, Ana*
	Torrente Vilasánchez, Susana
	Casal Vilar, Ana Belén
Representante da ANPA	Pendente de renovación
Representante do Concello	Señorís Rodríguez, Susana
Representante Persoal Non docente	Pendente de renovación

*Pendente de renovación parcial do Consello Escolar.



Reunións e tarefas con data determinada:

Aprobación da Programación Xeral Anual	Outubro
Aprobación do balance económico	Xaneiro
Orzamentos	Marzo
Aprobación da memoria final de curso	Xuño

Outras reunións sen data prevista:

- Posibles conflitos disciplinarios de tipo extraordinario.
- Admisión de alumnos.
- Outro tipo de reunións.

6.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estará constituída polo Director, a xefa de estudos, o Orientadora escolar, a coordinadora de ed. Infantil, os coordinadores dos equipos docentes, a coordinadora de E.D.N. Lingüística, a coordinadora de Biblioteca escolar e o profesorado de PT e de AL.

Comisión de Coordinación Pedagóxica 2022-2023

Presidente	Liñares Liñares, M ^a Carmen
Xefa de estudos	Castro Iglesias, María Begoña
Orientadora	Castro Iglesias, María Begoña
Coord. 1 ^o CICLO	Pérez Castro Diego
Coord. 2 ^o CICLO	Agrafojo Padín, Natalia
Coord. 3 ^o CICLO	García Rajo, Adrián
Coord. E.Infantil	Cobas Valiña, Carmen
Pedagogía Terap.	González Carracedo, M ^a Elena
Pedagogía Terap.	Lafuente Grille, María
Audición e Ling.	González Espiñeira, Yolanda
Audición e Ling.	Díaz Vidaurre, Catuxa
C. EDLG	Carracedo Durán ,M ^a Dolores
C. Biblioteca	Rozados Montoya, M ^a Isabel

Obxectivos:

1. Coordina-la elaboración das programacións didácticas e a implementación daqueles aspectos concretos que impliquen ao conxunto do centro.
2. Informar das novidades e posta en marcha da nova lei educativa LOMLOE nos cursos impares de Primaria e na Etapa de Infantil.
3. Potenciar e apoiar a implementación de medidas de atención á diversidade
4. Coordinar e secuenciar as propostas de traballo dos diferentes equipos docentes.
5. Elaborar suxestións para o Plan de acción tutorial e o Plan de orientación.
6. Colaborar no fomento dun clima de convivencia positiva.
7. Promover a innovación pedagóxica, o traballo interdisciplinar, a dinamización Tic e o traballo cooperativo do profesorado.



Actividades previstas:

- Análise e revisión dos documentos de programación elaborados no centro: coherencia e adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación tanto da LOMLOE como da LOMCE.
 - Elaboración do calendario de sesións de avaliación.
 - Seguimento do plan de actuación para a atención á diversidade.
 - Análise de necesidades de cara ó plan de orientación e á acción titorial.
 - Seguimento e avaliación do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación.
 - Análise, valoración e, formular propostas de documentos relacionados coa convivencia.
 - Charlas con nais e pais de alumnado.
 - Revisar e actualizar o Plan de Convivencia.
 - Revisar o PEC realizando as concrecións correspondentes.
 - Revisar o Plan de igualdade.
 - Revisar calquera outra documentación, Plans e Programas.

6.4.- Departamento de Orientación

Xefatura Departamento	Castro Iglesias, María Begoña
Membros	Cobas Valiña, Carmen
	Pérez Castro, Diego
	Agrafojo Padín, Natalia
	García Rajo, Adrián
	González Carracedo, M ^a Elena
	González Espiñeira, Yolanda
	Díaz Vidaurre, Catuxa
	Lafuente Grille, María
	Quintáns Rico, M ^a Luisa (EEI A Igrexa)

7.- PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da Programación Xeral Anual (Art.11.4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro), desenvolto na **Orde do 8 de setembro do 2021** de atención a diversidade, concretamente no **Capítulo IV** de Identificación e procedemento de elaboración e aplicación de determinadas **medidas educativas de atención á diversidade (art.41 ao 76)**, onde a Concreción anual do **Plan Xeral de Atención a Diversidade** recolle o **art. 74**.

No presente documento recóllense, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver, clasificadas en ordinarias e extraordinarias, os profesores responsables de cada actuación, os alumnos ás que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.



1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (M.A.D)

TIPO	MEDIDA ATENCIÓN DIVERSIDADE	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
ORDINARIA	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (P.E.L.O.) O seu propósito básico de favorece-lo desenvolvemento lingüístico e previr as dificultades relacionadas coa linguaxe. - Programa de habilidades e competencia social - Reforzo Educativo (RE). (Afecta á secuenciación de contidos, formas e instrumentos de avaliación e metodoloxía). 	<ul style="list-style-type: none"> Mestra de apoio en Ed.Inf e titoras. Titores dos diferentes niveis Profesor /titor asesoramento do DO. 	<ul style="list-style-type: none"> Alumnado de Ed.Inf. Todo o alumnado Alumnado con dificultades e/ou alumnado con NEAE. 	<ul style="list-style-type: none"> Unha sesión semanal por unidade durante todo o curso. Ao longo do curso Conforme a evolución do alumno ou alumna.
EXCEPCIONAL: Referido aos repetidores de curso anterior 2021-22	<ul style="list-style-type: none"> -Plan específicos de reforzo dirixido ao alumnado que <u>non promove</u> de curso. 	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado das áreas correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> Alumnos/as que permaneceron un ano máis noutros niveis. 	<ul style="list-style-type: none"> Todo o curso.
EXTRAORDINARIO	<ul style="list-style-type: none"> -Apoio do profesorado especialista en PT e AL. -Adaptacións Curriculares (ACS). -Flexibilización do período de escolarización. -Atención educativa domiciliar/hospitalaria -Atención educativa ao menor sometido a responsabilidade penal 	<ul style="list-style-type: none"> Mestras de PT e AL. Xefa de estudos, orientadora, profesorado das distintas áreas e mestras especialistas en PT e AL. (Precisa de autorización por parte da 	<ul style="list-style-type: none"> Alumnado con NEAE. Alumnado con NEAE que precise da modificación dos elementos prescriptivos do currículo, tanto por unha dificultade persoal como por ter 	<ul style="list-style-type: none"> Conforme á evolución do alumno/a. A duración mínima será dun curso escolar, podendo ampliarse se o alumno/a non supera os obxectivos mínimos da mesma.



	<p>-Atención educativa ao menor sometido a protección e tutela -Atención alumnado familias itinerantes -Atención educativa ao alumando afectado por violencia de xénero.</p>	<p>inspección educativa).Titor/a , orientadora e directora. (Precisa autorización da inspección educativa, resolve a súa aplicación ou non a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional). Titor e orientador (asesoramento).</p>	<p>capacidades excepcionais. Alumnos/as con NEE, podendo permanecer 1 ano máis na etapa de EI, ou ben, de forma excepcional, ata un máximo dos 15 anos na EP. Alumnado doenza crónica ou hospitalizado. Alumnado menor sometido a responsabilidade e penal. Alumnado sometido a protección e tutela Alumnado de familia itinerante. Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero.</p>	<p>Un curso escolar. Mínimo 1 mes. Segundo se precise.</p>
--	--	---	---	---

Ademais das medidas de atención á diversidade descritas, poderán levarse a cabo outras medidas recollidas nas Orde do 20 de febreiro de 2004, dirixidas ao **alumnado estranxeiro** que se incorpore ao noso centro e que presente as seguintes características:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.
- Desfase curricular significativo
- Graves dificultades de adaptación

As medidas concretas que poderán adoptar en relación a estes alumnos ou alumnas son:

De tipo curricular	ORDINARIA.	REFORZO	Levada a cabo polo titor/a.
	EXTRAORDINARIA.	ACS	Levarase a cabo cando exista un desfase curricular moi significativo no alumno ou alumna e se acorde a súa pertinencia en reunión coordinada coa xefatura de estudos e os profesionais implicados, previo informe elaborado pola orientadora que recomende a aplicación da medida. Será responsable da súa aplicación o/a mestre/a titor/a e os/as mestres/as de



			área, segundo corresponda. Precisa da autorización da inspección.
	EXTRAORDINARIA.	Flexibilización do período de escolarización	Previo informe da orientadora, poderase escolarizar ao alumno/a estranxeiro nun curso por debaixo ao que lle corresponde por idade, sempre que presente un desfase curricular de máis de 2 cursos.
De tipo organizativo	EXTRAORDINARIA.	Grupos de Adquisición de Linguas.	Agrupamento flexible dirixido a alumnos/as que descoñecen as dúas linguas cooficiais. A duración máxima da permanencia nestes grupos é de un trimestre e precísanse recursos persoais e espaciais non dispoñibles neste intre.
		Grupos de Adaptación da Competencia Curricular.	Agrupamento flexible dirixido a alumnos/as que presenten un desfase curricular de máis de dous cursos. A duración pode ser ó longo de todo un curso. Non se dispón de recursos persoais e espaciais para crear un grupo deste tipo neste intre.

